



XIV ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

8 e 9 de marzo

Centro de Documentación Sociolingüística

Consello da Cultura Galega

CURRÍCULOS

Henrique Monteagudo Romero

Henrique Monteagudo é profesor titular de Filoloxías galega e portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela, e mais investigador do Instituto da Lingua Galega e do Centro de Lingüística Geral e Aplicada (CELGA) da Universidade de Coimbra. Membro do Consello da Cultura Galega, onde coordina a Sección de lingua, literatura e comunicación e dirixe o CDSG, é tamén académico numerario da Real Academia Galega. Tamén é codirector da revista *Grial*, membro do consello de redacción de *Estudos de Lingüística Galega*, do consello científico da revista *Treballs de Sociolingüística Catalana* e do Conselho editorial da *Editorial Parábola* de São Paulo.

É autor, coautor ou director de numerosos traballos sobre filoloxía, lingüística, sociolingüística e historia social da lingua galega. Salientan o volume *Estudios de sociolingüística galega* (1995), a monografía *Historia Social da Lingua Galega* (1999) e os informes *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)* (2006), *O idioma galego na sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2008* (2001) e *A(s) lingua(s) a debate. Inquérito sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega* (2011). Codirixiu o *Informe de Política Lingüística e Normalización en Galicia (1980-2000)*. É editor dos volumes *Norma lingüística e variación* (2005) e *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade* (2009). Autor da colectánea *As razóns do galego. Apelo á cidadanía* (2009).

Acaba de ler o seu discurso de ingreso na RAG, publicado co título *Facer país co idioma. Sentido da Normalización Lingüística*.



Olga Iglesias de la Fuente

Profesora de Lingua e Literatura Galega no IES de Curtis (A Coruña).

Comezou a colaborar cos equipos de normalización lingüística no ano da súa fundación, o 1991, dende o IES Francisco Aguiar de Betanzos. Dende aquela, como coordinadora ou como membro, a súa traxectoria profesional estivo sempre ligada aos equipos.

No ano 2004 comeza a traballar como asesora docente na Dirección Xeral de Política Lingüística e forma parte do grupo de traballo que elabora os *Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas*.

De 2005 a 2010 foi coordinadora central dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, na Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Nesta etapa coordina, entre outros, os seguintes materiais: *A planificación lingüística nos centros educativos*, *Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos* e a unidade didáctica *Linguas cruzadas*, realizada por Ana Iglesias para o documental do mesmo nome. É, asemade, impulsora e responsable técnica das accións que neste período desenvolve a Secretaría Xeral de Política Lingüística para a reorientación do labor que viñan desenvolvendo os equipos.

Xosefa Martínez Fernández e Manuel Sánchez Fernández

Xosefa Martínez Fernández é profesora de lingua e literatura galega no IES de Rodeira en Cangas, onde leva 19 anos traballando. Foi vicedirectora do centro de 2001 a 2004 e, desde o 2005, coordina o equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega.

Manuel Sánchez Fernández é profesor de informática nese mesmo centro, onde leva traballando 9 anos. Desde o 2005 forma parte do Equipo de Normalización e, desde o 2009, é ademais xefe de estudos do centro.

O proxecto normalizador que están a desenvolver no IES de Rodeira recibiu en tres ocasións un dos premios de innovación en dinamización lingüística outorgados pola Consellería de Educación.



Francisco Veiga

Paco Veiga (A Órrea, Terra de Miranda, 1961), profesor de Lingua e Literatura no IES Melide, ten desenvolvido o seu labor profesional no campo da educación primaria, a formación de pais/nais, a radio e televisión educativas e o ensino secundario. Membro do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e do Consello de Redacción da Revista Galega de Educación, vén centrando o seu interese, nomeadamente, na problemática da normalización lingüística e cultural de Galicia.

Membro fundador da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, é autor de dúas obras sobre o patrimonio lúdico galego. Coordina o EDLG do IES Melide desde tempo atrás, tratando de contribuír a convertelo nun Equipo dos denominados tea de araña, con capacidade de incidencia real en todos os aspectos da vida do centro, e aspirando tamén a influír no día a día da comarca da Terra de Melide.

Alba Cid Fernández

Alba Cid Fernández (Ourense, 1989) é estudante de Filoloxía Galega na USC e, nestes momentos, bolseira do Servizo de Normalización Lingüística da USC.

Finalista nacional no 43 Concurso de Redacción Coca-Cola e unha das gañadoras de Relatos do Verán 2001 de La Voz de Galicia. Acadou premios coma o de Poesía Anxel Casal (2006, 2007), o 2º nos Minerva (2007), varios do Francisco Añón do Concello de Outes, e do Certame Rosalía de Castro de Cornellà (2006, 2008), o 2º de Poesía no Certame GZ Crea (2007) o Aurelio Aguirre (2008), o Manuel Oreste Rodríguez López (2009) ou o premio Ourense de Contos para a Mocidade (2010).

Participou en recitais varios, no libro colectivo *Poética da Casa* (2006) e nas revistas *Raigame*, *Dorna* e *Grial* (nesta última, con artigos sobre normalización e lingua en ámbitos coma Facebook ou o Rock Bravú).

Brais Fernández Álvarez

Brais Fernandes Álvarez, membro do colectivo de educadores XANDOBELA e da AXC ITACA de Compostela, é dinamizador sociocultural, historiador, teatreiro, formador en programas europeos de xuventude... Dende o 2002 percorre os centros de ensino do país co Consello de Galeg@s Ilustres, en compañía de Xavier Mugardos, con contos que non son contos senón verdades verbalizadas aptas para todas as idades e mensaxes de educación para a paz, alegría e sentidiño. Un dos seus fortes é a didáctica e divulgación cultural mediante a realización de charlas dramatizadas sobre a historia de Galicia e Portugal, Ramón Cabanillas, Manuel Lugo Freire, María Mariño, X.M. Álvarez Blázquez, Ramón Piñeiro, Uxío Novoneyra... e todo tema de interese que poida ser interesante.



Iria Castro Fernández

Formación Académica

- Licenciatura de Tradución e Interpretación Gal>Ing na Universidade de Vigo.
- Terceiro ano da licenciatura realizado na Uniwersytet Jagielloński de Cracovia, Polonia.

Experiencia

- Colaboradora con The African Peace & Justice Initiative.
- Colaboradora na realización dos subtítulos ó galego da película – documental Nénette (Nicolas Philibert, 2009) para a súa exhibición dentro da IV Mostra de Cine e Ciencia da cidade da Coruña.
- Apoio na atención ó público multilingüe no Seminario Galego de Educación para a Paz.
- Tradución ó galego do boletín trimestral ESFormativo, de Enxeñería sen Fronteiras.

Actividade normalizadora

- Membro fundador, vogal e voceira da Asociación Trabalingua. Como membro desta última, organizadora das “Xornadas sobre a música e audiovisual galegos” (marzo e abril de 2011).
- Membro da MESA pola Normalización Lingüística.

Marcus Fernández

Con formación en Informática, desenvolveu a súa actividade profesional no mundo da Internet, participando en iniciativas pioneiras na Rede galega, así como no asociacionismo (ISOC-GAL, EGANET e a Asociación PuntoGal).

Exerce funcións de administración e redacción da web de Código Cero (diario de novas tecnolóxicas de Galicia, con edición mensual en papel) dende 2001, o que combinou con preto de 3 anos nunha experiencia de televisión local en Compostela.

Complementa a súa actividade profesional cun blog persoal e distintas colaboracións en medios galegos (Tempos Novos, RadioVoz, Radio Coruña-Cadena SER, Radio Galega e Televisión de Galicia). Tamén coa elaboración de distintas páxinas web de empresas, tendas en liña, asociacións...



Ana Bulnes Fraga

Ana Bulnes (Borreiros - Gondomar, 1984) é licenciada en Xornalismo (especialización en Xornalismo Electrónico e Multimedia) pola USC.

O seu camiño profesional colleu pronto ese desvío cara ao dixital: traballou como editora web na páxina do canal de televisión Cuatro, o que simultaneou co Posgrao en Deseño e Comunicación Multimedia da UOC, e marchou a Viena meses despois para facer tarefas tamén de edición na web da Axencia Europea de Dereitos Humanos (FRA) cunha bolsa. Tras a aventura vienesa regresou a Galicia, onde comezou a seguinte aventura, a *freelance*. Actualmente é colaboradora en varios medios dixitais sobre novas tecnoloxías, fai labores de blogueira e community manager en varias axencias de publicidade e, sobre todo, escribe en Disquecool, o medio de tendencias made in Galicia que co-fundou en maio de 2011.

García Mc

Músico de Rap e activista.

Comeza rapeando en galego, con 13 anos, directamente influenciado por unha das bandas fundacionais do Rap en galego: 5 Talegos. Ao pouco, aínda na adolescencia, pasa a formar parte do proxecto musical rapeiro Ghamberros, editando un traballo discográfico en 2004 ao remate desta aventura. Existía xa pois dende o 2003 o Colectivo Hip Hop Dios Ke Te Crew formación da cal pasa a formar parte co proxecto Ghamberros así como boa parte de 5 Talegos, sumándose nos seus espectáculos tódalas vertentes da Cultura Hip Hop: Breakdance, Graffiti, Dj'ing, Beat Box... Con DKTC editáronse ata o momento tres traballos discográficos: Xénese 2006, Adianto/Maxi: Chove 2010 e Humanose 2011.

Actualmente participa activamente tanto en Dios Ke Te Crew como na Banda de Foliada Rap and Punk Labregos do Tempo dos Sputniks. Leva ademais 8 anos impartindo obradoiros e cursos sobre Cultura Hip Hop/Rap, principalmente para adolescentes, sobre todo para equipos de Normalización Lingüística en centros formativos. Musicou poemas de Celso Emilio Ferreiro en clave rapeira como "Deitado fronte ó mar..." ou "Son un pasmón". Formou parte da Radio Kalimera, ten participado en diferentes mesas redondas e coloquios como defensor da Cultura Libre. A título individual, levou o seu Rap en Galego a lugares como Copenhague, Guiné-Bissau e México. Ou a Cuba xunto con DKTC. Participa así mesmo en dúcias de discos de grupos eclípticos da música galega contemporánea. Actualmente traballa no que vai ser o seu primeiro traballo discográfico en solitario.

<http://www.facebook.com/pages/Garc%C3%ADa-Mc/110597895646729?sk=info>



Bernardo Penabade Rei

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago, complementou estudos na especialidade de Filoloxía Hispánica. Simultaneamente, mediados os 80, con Luís Poupariña desenvolveu unha intensa actividade na comisión de cultura da Residencia Universitaria 'Burgo das Nacións', onde impulsou a convocatoria dun célebre Certame Literario que serviu para descubrir novos valores das nosas letras.

Desde 1985 mantivo colaboración artística no sector audiovisual coa empresa Imaxe Galega en traballos encargados pola TVG. Ademais da sincronización e dobraxe de filmes e seriais televisivos, ocupouse da tradución de guións (especialmente de programas destinados ao público infantil).

Entre 1997 e 1998 foi colaborador habitual de *Volvoreta*, o suplemento do xornal *El Correo Gallego* para a comunidade universitaria de Compostela, publicando noticias de libros e entrevistas a escritores galegos.

Tras un breve período de docencia no Colexio Paulo VI da Rúa de Valdeorras, foi profesor no Instituto Otero Pedraio de Ourense, en Bueu, Ortigueira e en Viveiro (IES Vilar Ponte, 1990-2003). Desde 2003 está destinado no IES Perdouro de Burela.

Ten participado en numerosos congresos con relatorios publicados sobre lingüística, sociolingüística e didáctica. Traballos seus poden lerse na revista *Agália*, en *A Nosa Terra* e *Novas da Galiza*, como tamén nas actas de diversas reunións de carácter científico.

Desde 1983 é membro da AGAL, entidade na que colaborou con diversas personalidades relevantes da cultura galega entre elas Ricardo Carvalho Calero. Integrante do Consello Directivo en diversas ocasións, resultou elixido Secretario en 1996 e Presidente no período 2001-2007, encabezando un movemento de reorientación do reintegracionismo nun sentido integrador.

No campo da didáctica é o impulsor do "Modelo Burela de Planificación Lingüística", unha estratexia educativa en aplicación desde 2004.

Manuel Martínez Barreiro

Manuel M. Barreiro (Caracas, 1961)

Traballa como coordinador editorial e consultor de comunicación. Licenciado en Historia, colabora como analista político co xornal dixital *praza.com*, *El País* e *Tempos Novos*, e tamén nalgúns faladoiros da Radio Galega e programas da TVG como *Foro Aberto*. Algúns dos seus artigos xornalísticos foron recompiladas en *A novísima dereita e nós. O bienio gris toupa* (2.0 Editora, Ames, 2011).



É docente no Máster de Cooperación para o Desenvolvemento da USC, foi responsable da xestión de proxectos de cooperación e da súa avaliación en Nicaragua e Bolivia e tamén membro da Coordinadora Galega de ONGD.

Publicacións

Autor de libros de historia política e social, entre os que destaca *Prosa política no tempo das Irmandades da Fala* (A Nosa Terra, Vigo, 1996), participou en obras colectivas sobre as ONGD (*Cooperando. XX anos de traballo solidario en Galicia*, CGONGD, Santiago, 2011) e o movemento do 15-M (*A praza é nosa*, 2.0 Editora, Ames, 2011). Escribiu ademais *Area Maior* (Xerais, Vigo, 2003), un conto para lectores de todas as idades.

Fernando Ramallo Fernández

Data de nacemento: 17 agosto de 1965

Sociolingüista. Profesor Titular de Universidade (Universidade de Vigo).

Publicacións recentes

a) Libros

Flores Farfán, J.A. & Fernando Ramallo (eds.) (2010). *New perspectives on endangered languages*. Amsterdam: John Benjamins.

Ramallo, Fernando *et al.* (eds.) (2009). *New approaches to discourse and business communication*. London: Palgrave Macmillan.

Lorenzo Suárez, Anxo M., Fernando Ramallo & Hakan Casares Berg (2008). *Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia*. Santiago, Consello da Cultura Galega.

Fernández Paz, Agustín, Anxo M. Lorenzo Suárez & Fernando Ramallo (2008). *A planificación lingüística nos centros educativos*, 2ª ed. Santiago, Xunta de Galicia.

b) Artigos

no prelo. "El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción." *Caplletra*, 53.

no prelo. "De labradores a pistoleros: el Movimiento de los Trabajadores Rurales sin Tierra en la Revista Veja". *Revista Signos. Estudios de Lingüística*.

2011. "O enclave lingüístico de Xálima: una análise sociolingüística". *Estudos de Lingüística Galega*, 3, 111-135.

2011. "The native-non-native dichotomy in minority language contexts". *Language Problems and Language Planning*, 35(2), 139-159. [Con Bernadette O'Rourke].

2010. "Los nuevos hablantes de lenguas minoritarias: una comparación entre Irlanda y Galicia", en Ridruejo, E. *et al.* (eds.). *Actas del IX Congreso Internacional de Lingüística General*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 1684-1700. [Con Bernadette O'Rourke].



2010. "Cara a una tipoloxía sociolingüística dos falantes do galego", en Silva Valdivia, B. *et al.* (eds.). *Educación e linguas en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 15-37.

2010. "Política lingüística do Estado: problemas e oportunidades", en Monteagudo, H. (coord.). *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 133-147.

2007. "Sociolinguistics of Spanish in Galicia". *International Journal of the Sociology of Language*, 184, 21-36

c) Edición de revistas

2000-2006. Editor de *Estudios de Sociolingüística*. Universidade de Vigo

2007-. Editor de *Sociolinguistic Studies*. Equinox [UK]

Socorro García Conde

Desde 1992 traballei no servizo de normalización lingüística do Concello de Santiago, unidade que se chama desde 1997 Departamento de Lingua Galega.

Formei parte das primeiras directivas da CTNL e, desde alí, do impulso a proxectos como o CDSG ou o Consorcio para a Normalización Lingüística.

Entre o 2007 e o 2011 abandonei o labor técnico e fun concelleira na Corporación compostelá. Agora, de volta no Departamento de Lingua, ando a retomar o pulso dunha realidade lingüística que mudou substancialmente.

Alicia Otero González

Licenciada en Dereito (2000). Facultade de Dereito. Universidade de Santiago de Compostela.

Experiencia profesional

En Setembro de 2004 tomo posesión como funcionaria de carreira do grupo A, dunha praza de Técnico de Administración Xeral no Concello de Pontevedra. Son adscrita ao posto de Xefa do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais do Concello de Pontevedra, permanecendo neste posto ata febreiro de 2007.

Funcións e responsabilidades:

- Planificación do traballo do servizo en cooperación co Secretario Xeral do Concello, establecendo os obxectivos de organización do servizo ao meu cargo.
- Dirixir ao persoal das unidades adscritas ao servizo, con funcións de fiscalización e control.
- Exercer a xefatura directa das seguintes unidades: rexistro xeral, atención ao cidadán, padrón e estatística, censo electoral, protocolo e actas.



- Revisión e dirección do traballo relativo á redacción das actas e celebración das sesións dos órganos de goberno do Concello.
- Tramitación dos expedientes de constitución da corporación e todo o relativo á situación dos seus membros e dos grupos políticos municipais.
- Tramitación de Expedientes de creación e modificación de organismos autónomos e mancomunidades, xestionando todo o relativo ao nomeamento e estatuto dos seus membros.
- Seguimento dos procedementos e información aos administrados.

En novembro do ano 2006 fun nomeada con carácter provisional Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Pontevedra, estando adscrita a este posto ata o mes de abril dese mesmo ano.

Funcións e responsabilidades:

- Dirección e supervisión do servizo, realizando as funcións de control dos informes e propostas da área.
- Dirección dos actos de xestión do persoal e dos proxectos en materia de recursos humanos.
- Control das incidencias do persoal do Concello, nomeamentos e ceses, situacións administrativas, horas extraordinarias, e outros actos de xestión do persoal.
- Tramitación dos expedientes de aprobación da relación de postos de traballo e dos procesos de selección do persoal.
- Realización das tarefas de xestión en materia de prevención de riscos laborais.
- Asesoramento xurídico na confección da nómina do persoal.

Na actualidade desempeño o posto de Xefa do Gabinete da Alcaldía do Concello de Pontevedra, ao que fun adscrita no mes de febreiro de 2007

Teño encomendado neste posto o asesoramento xurídico e a asistencia técnica ao Alcalde, ademais de ser a responsable administrativa do nomeado servizo, exercendo as seguintes funcións:

- Xestión de subvencións para proxectos municipais, incluídos as procedentes de fondos europeos.
- Elaboración e seguimento de convenios interadministrativos e privados.
- Control da documentación e correspondencia da Alcaldía.
- Xestión do gasto da Alcaldía.
- Elaboración de propostas e proxectos por indicación da Alcaldía.
- Organización das tarefas administrativas do Gabinete de prensa e protocolo.
- Seguimento e coordinación dos proxectos municipais, para o que fun nomeada, por delegación do Secretario do Pleno, secretaria da Comisión de Ordenación do Territorio, Infraestruturas e Obras.



Celso Rodríguez Fernández

- Licenciouse en Matemáticas en 1976 e doutorouse en 1980. Dende 1982 é profesor titular de álgebra na Universidade de Santiago de Compostela.

- Investigador e Investigador Principal en diversos proxectos de investigación subvencionados en Matemáticas, a nivel autonómico, estatal e europeo. Publicou diversos artigos de investigación e capítulos de libros da súa especialidade científica de Matemáticas.

- No curso 1998-99 cursou o Diploma de Estudos especializados en Dirección Estratéxica de Universidades na Universidade Politécnica de Cataluña e no curso 2000-01 obtén o Certificado de Posgrao no Modelo EFQM de Excelencia Empresarial na Universidade Oberta de Cataluña. Completou a súa formación en xestión da calidade no Club Xestión de Calidade e nas distintas axencias de calidade universitarias.

Ocupou diversos cargos de xestión na Universidade de Santiago de Compostela:

- Director do Colexio Maior "Rodríguez Cadarso". USC, 1989-90
- Decano da Facultade de Matemáticas. USC, 1990-94
- Vicerreitor de Estudantes. USC, 1994-95
- Vicerreitor de Ordenación Académica e Titulacións, USC, 1995-2002
- Xefe da División de Innovación Educativa do Instituto de Ciencias de la Educación (ICE.). USC, 2004
- Director do Departamento de Álgebra. USC, 2004-08
- Coordinador do Programa de Formación e Innovación Docente da USC, 2004-07

- Profesor de distintos Másteres da Universidade de Santiago de Compostela sobre Xestión da Calidade dende 2001 a 2012.

- Profesor do Curso de Experto en Xestión, Avaliación e Dirección de Universidades e Cooperación Internacional. Asociación Universitaria Iberoamericana de Posgrao. La Habana (Cuba). 2009-10.

- Participa no proxecto "Compromiso de Mellora da Calidade da Xestión Pública en El Salvador", financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional e Desenvolvemento (AECID) do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación (2009-2012). Como parte do proxecto, foi director e profesor do curso de Formación Continua da USC "Xestión de Calidade no ámbito da Administración Pública", que se impartiu en San Salvador. Dentro deste mesmo proxecto impartiu seminarios sobre "Métodos e Análise Estatísticos para a Toma de Decisións" e sobre "Planos de Mellora" para o persoal do Centro Nacional de Rexistros e do Ministerio de Educación de El Salvador.

- Participou como Investigador en diversos proxectos da convocatoria de Proxectos de Estudos e Análises da Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Ciencia .



- É avaliador acreditado da European Foundation for Quality Management (EFQM) e membro do Club de Avaliadores de Xestión. Participou como avaliador EFQM con diversas empresas certificadoras (BVQI, AENOR e Club Excelencia en Xestión) e é avaliador dos premios nacionais a excelencia na xestión que convoca o Ministerio de Administracións Públicas.

-Avaliador de diversas axencias de avaliación de universidades: Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Cataluña (AQU), Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Castela e León (ACSUCyL), Unidade para a Calidade das Universidades Andaluzas (UCUA), Axencia de Calidade Universitaria das Illas Baleares (AQUIB).

- Participou como poñente en diversos congresos sobre xestión da calidade

Mercedes Queixas Zas

Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade da Coruña, exerce como profesora de lingua e literatura galega no ensino secundario (CPI Alcalde Xosé Pichel de Coristanco – A Coruña).

É autora de material didáctico e ensaios de carácter divulgativo dirixidos ao público escolar como *Os trobadores do Reino de Galiza* (A Nosa Terra:1997) ou *Breve historia da literatura galega* (A Nosa Terra:1999), ademais doutros estudos intitulados *Frei Martín Sarmiento. O inicio da recuperación da conciencia galega* (2002) e *Ramón Piñeiro. A expresión cultural dunha estratexia política* (2009), publicados por Edicións Laiovento, onde tamén viron a luz as traducións *Nacionalismos no mundo* (1997) e *España uniforme* (2001). Asemade, é coautora *da Historia xeral da literatura galega* (A Nosa Terra:2001). No ano 2011 publicou *Vivir, unha aventura irrepitíbel. Biografía de M^a do Carme Kruckenber Sanjurjo* (Editorial Galaxia) e *Lois Pereiro. A urxencia poética dun futuro alleo* (Edicións Laiovento).

Ten participado como relatora en diferentes foros de formación do profesorado, análise literaria e planificación lingüística, encontros e xornadas de reflexión e estudo ao redor da normalización lingüística no ámbito pedagóxico, cuxas intervencións fican recollidas en volumes colectivos e actas como "Silencio cultural e represión lingüística en Galiza durante o primeiro franquismo"; "Reflexións dunha lectora cursidosa ao prólogo aos *Contos da Agra Aberta*"; "Galician Fiction: A Genre with Gender?"; "A didáctica do galego desde os medios de comunicación", "Ensino, educación e lingua galega hoxe" ou "Estratexias para a planificación lingüística escolar", "Mudanzas na planificación lingüística nos centros de ensino. O Decreto do Plurilingüismo".

Entre marzo de 2007 e agosto de 2010 exerceu profesionalmente como Coordinadora Territorial de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística da provincia da Coruña.

Desde 2005 é secretaria xeral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).



Xabier Camba Sanmartín

- Profesor de Lingua Galega no IES Armando Cotarelo Valledor Coordinador do EDL do centro.
- Participa nos EDL desde o ano 92.
- Participou no proceso de constitución da Coordinadora de EDL do Salnés no curso 95-96.
- Realiza labores de coordinación de dita Coordinadora, á que representa na CGEDNL.
- Participou como relator en actividades arredor da normalización lingüística promovidas por diversas entidades e institucións.

Roberto Catoira Viñán

Nacín na Coruña en 1971.

Son Enxeñeiro Informático pola Universidade da Coruña.

Son profesor no Colexio Calasanz - PP. Escolapios da Coruña dende setembro de 1995. Nese centro imparto ou impartín as materias de Informática, Tecnoloxía e Matemáticas.

Formo parte do ENDL do centro dende a miña incorporación e durante 5 anos fun o seu coordinador. Formei parte da Comisión de Normalización Lingüística de FEREGA (Federación de Relixiosos no Ensino de Galicia) entre o ano 2004 e o ano 2009. Dende mediados de 2004 ata mediados de 2006 como coordinador da comarca da Coruña, e dende mediados de 2006 ata finais de 2009 como coordinador galego.

Presido a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña dende febreiro de 2007 e cesarei no meu cargo en xuño de 2012.

Dende mediados de 2009, debido á miña colaboración co ENDL do meu centro e coa asociación cultural, realizo dous programas de radio nas tardes dos martes na emisora de radio comunitaria CUAC FM, vinculada á Universidade da Coruña. Eses dous programas chámanse "A fume de carozo" e "Recendo" e, obviamente, son en galego e sobre cultura galega. A estas alturas, sumando os dous proxectos, xa emitimos máis de 150 programas de radio.